

Silueta de muller

AÍNDA que a obra da artista cubana Ana Mendieta (1948-1985), que se expón no CGAC, nos ofrece unha orientación estilística diversa (proxección de diapositivas, fotografías, pezas escultóricas de Land art) tódalas súas propostas denotan unha profunda preocupación antropolóxica centrada nunha especie de adoración á muller, a deusa do mundo. A súa imaxinería figurativa lévaa a desenvolverse nos parámetros do body art e a plasmar reiteradamente as pegadas do seu corpo en positivo coma en negativo na terra, siluetadas ora con pólvora acendida, luces artificiais, ora flores e seixos. Coas súas obras identificámo-la muller coa nai natureza, as mesmas follas deste medio ecolóxico convértense nun icono de feminidade e permítennos cataloga-la artista como feminista.

Ó ollármolas súas creacións cústanos desembarazarnos delas, porque se trata de instalacións que nos somerxen nunha realidade cotiá marxinal e nosoutros sentímonos coma encerrados e implicados nese recinto no que teñen lugar, mergullándonos no labirinto da vida dunha muller que podería representar calquera outra que estivo abeirada pola estrutura patriarcal de clase e mais de privilexio. O privado con Ana Mendieta faise público, así vemos cómo non opón ningún reparo ó presentarse ensanguentada nunha serie de pezas de performance de protesta contra a violación. Estas compoñentes dramáticas, sinistras, remítennos a obras de Beuys e Vostell. Con esta obra revélano-la beira humana da artista e mailo facer público da crueldade do acto violador presentando a cotío o seu corpo espido cos restos do emporcallamento, nunha especie de liturxia da crueldade, a crucifixión, a morte que balizaron a vida dalgunha muller por non coñece-la evolución histórica. A súa obra así ofréceno-lo que podería ser un diario íntimo e persoal.

Fátima Otero